



O foro de referencia do sector TIC en Galicia pechará esta vixésima edición cun acto de agradecemento ás patrocinadoras presidido polo Conselleiro de Economía da Xunta

## **R analiza en Galiciatic solucións tecnolóxicas combinadas de imaxe, vídeo e IA para acadar a plena dixitalización das empresas**

- *O operador galego, patrocinador do evento dende hai cinco anos, organiza e coordina unha mesa temática sobre a chamada ‘hiperautomatización’, baseada en combinar solucións tecnolóxicas a prol da dixitalización e da sostibilidade dos negocios.*
- *Os relatores explicarán de que maneira as solucións de IA con imaxe e vídeo e máis a realidade virtual poden favorecer a plena automatización das empresas e xerar novos ingresos.*
- *No seu vinte aniversario, Galiciatic 2022 desenvolverase no edificio Fontán da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela baixo o lema “Procrecemento, dixitalización e eficiencia”*

**Martes, 18 de outubro de 2022.- Galiciatic 2022** celebra a súa vixésima edición plenamente consolidado como o evento TIC de referencia en Galicia que anualmente lles achega aos/ás participantes as últimas tendencias do sector e as voces tecnolóxicas expertas máis relevantes do momento. A cita será mañá mércores e o xoves 20 no auditorio do edificio Fontán da Cidade da Cultura compostelá.

Baixo o lema “Procrecemento, dixitalización e eficiencia” o foro quere desta volta deterse neses tres conceptos como meta das organizacións nun contexto de cambios inesperados derivados da recente pandemia da COVID, a inestabilidade política ou o cambio climático. Nesta contorna, postularase dende diferentes perspectivas a necesidade evidente **dun enfoque cara aos negocios dixitais como vía de prosperidade** para superar á competencia durante estas conxunturas tan críticas.

## **‘Hiperautomatización’ e a clave das solucións tecnolóxicas combinadas**

**R** encargárase, desta volta, no foro Galiciatic, de organizar e coordinar unha mesa temática arredor do concepto cada vez máis estendido de **‘hiperautomatización’**, en referencia ao proceso pleno de dixitalización e sostibilidade das empresas a todos os niveis para competir cos mercados máis desenvolvidos e avanzados do mundo.

Baixo o título *“Imaxe, vídeo e Intelixencia Artificial, claves da hiperautomatización das empresas”*, Alberto Díaz Freire, responsable de Transformación Dixital de **R**, encargárase de moderar e coordinar a mesa de traballo. Ademais, nela intervirán mañá mércores 19 ás 10:30 h, os expertos Antonio Rodríguez del Corral, CEO da empresa galega CINFO, Xoel Vázquez, CEO e fundador de *Xoia Reality* e Alexandre Bastos, fundador de *Áncora*.  
<https://www.galiciatic.com/programa>

A idea é explicar de que maneira esa ‘hiperautomatización’ se converte nunha verdadeira aliada de futuro para asegurar a dixitalización total e os procesos sostibles nas empresas baseándose en solucións tecnolóxicas combinadas. En concreto falarase de como se pode artellar o tratamento de imaxe e vídeo nas propostas da Intelixencia Artificial e máis do emprego doutras iniciativas baseadas en **realidade virtual**.

Estas dúas van ser, segundo relatarán os voceiros, ferramentas clave á hora de dixitalizar e automatizar por completo os procesos empresariais o que lles permitirá **xerar novos ingresos** e optimizar o traballo dos negocios.

Para participar como oínte na mesa temática -de xeito presencial ou telemática- é preciso rexistrarse na ligazón <https://www.galiciatic.com/inscripcion>

## **Un programa completo: escalar, adaptarse e crecer**

O variado programa desta vixésima edición de Galiciatic vai repasar tamén aspectos da tecnoloxía relacionados coa presenza das **conexións dixitais e os dispositivos** en todos os eidos da nosa vida, e falarase tamén de solucións para **escalar rapidamente a creatividade dixital en calquera lugar** ou das **capacidade innovadoras para acelerar o crecemento empresarial** máis aló dos límites actuais.

En definitiva, trataranse dende diferentes puntos de vista as tendencias tecnolóxicas de 2022 que dalgunha maneira axudarán a cumprir cos obxectivos de escalar, adaptarse e crecer nas organizacións.

## **Patrocinios e agradecementos**

**R** mantense como unha das empresas patrocinadoras de referencia do foro Galiciatic dende hai xa cinco anos e desta volta compartirá espazo co resto de colaboradoras do foro no momento da clausura, presidida polo Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e innovación da Xunta de Galicia, Francisco Conde. A organización de Galiciatic aproveitará ese intre para lles agradecer o seu respaldo e colaboración, ano tras ano, a todas as empresas e entidades que veñen apoiando o evento de referencia do sector dende hai dúas décadas,

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)